



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuír o nivel de debido a que se desempeña?**

- A) Complemento de carreira.
- B) Complemento de produtividade.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

**2. Indique a resposta CORRECTA de conformidade coa Lei 8/2008 de Saúde de Galicia. O Servizo Galego de Saúde:**

- A) É unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade.
- B) Está dotado de plena capacidade económica para o cumprimento dos seus fins.
- C) Denomínase tamén sistema público de saúde de Galicia.
- D) Está adscrito ao Consello da Xunta.

**3. Segundo o artigo 38 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a incorporación do persoal estatutario fixo nas prazas das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde con ocasión dos procesos selectivos e de provisión, realizarase, en primeiro lugar:**

- A) Nas prazas básicas vacantes da respectiva categoría do cadro de persoal do centro no que tal incorporación deba realizarse.
- B) Nas prazas básicas ocupadas por persoal temporal da respectiva categoría do cadro de persoal do centro no que tal incorporación deba realizarse.
- C) Nas prazas cubertas en comisión de servizos, do centro no que tal incorporación deba realizarse.
- D) Nas prazas desempeñadas por persoal en promoción interna temporal, do centro no que tal incorporación deba realizarse.

**4. A Lei 14/1986 Xeral de Sanidade, ten por obxecto:**

- A) A regulación de tódalas estruturas e servizos públicos ao servizo da saúde.
- B) A regulación de tódalas accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde.
- C) Establecer as bases para que a poboación acade e manteña o maior nivel de benestar posible.
- D) Coordinar a organización e xestión do conxunto dos servizos asistenciais do Sistema Nacional de Saúde.

**5. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, entenderase como "condición de traballo":**

- A) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia na saúde do traballador.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral especificamente prevista na normativa regulamentaria.
- C) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e saúde do traballador.
- D) Calquera características dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.

**6. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, por criterio do médico responsable da asistencia, o consentimento corresponderá por substitución aos familiares, dando preferencia:**

- A) Ao cónxuxe ou, no seu caso, a quen teña a condición legal de parella de feito.
- B) Aos proxenitores.
- C) Aos familiares de maior idade.
- D) Aos familiares de grao máis próximo e, dentro do mesmo grao, ao que exerzan de cuidadores.

**7. Segundo o disposto no artigo 43 da Constitución Española: a quen compete organizar e tutelar a saúde pública?**

- A) Ao Goberno.
- B) Ás Comunidades Autónomas.
- C) Aos poderes públicos.
- D) Ás Cortes Xerais.

**8. A Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, establece que a atención hospitalaria se caracteriza por:**

- A) Un enfoque global e integrado da atención da saúde.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares santarios definidos.
- C) Alta intensidade dos cuidados requeridos.
- D) A canalización da asistencia requerida polo paciente en calquera punto do sistema.

**9. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia:**

- A) Pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade e persoarse ante o Tribunal Constitucional
- B) Designará para cada lexislatura das Cortes Xerais aos senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Resolverá as cuestións de competencia entre órganos xudiciais en Galicia.
- D) Exercerá a presidencia do Servizo Galego de Saúde e das súas entidades instrumentais.

**10. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, establece unha serie de requisitos en relación coa historia clínica. Sinala a resposta FALSA entre as seguintes opcións:**

- A) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa atención directa ao paciente, será responsabilidade exclusiva do médico que atende ao paciente.
- B) Calquera información incorporada á historia clínica haberá de ser datada e asinada de maneira que se identifique claramente o persoal que a realice.
- C) As historias clínicas deberán estar normalizadas en canto á súa estrutura lóxica.
- D) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais que interveñen na mesma.

**1. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:**

- A) A historia clínica é propiedade do/da paciente.
- B) As instrucións previas poden revogarse.
- C) A historia clínica pode destruírse aos vinte anos do falecemento do/da paciente.
- D) Unicamente poden acceder á historia clínica o persoal responsable e o/a paciente.

**2. De acordo co indicado no capítulo II da Constitución Española, NON se considera un dereito fundamental:**

- A) O dereito de expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións.
- B) O dereito de petición colectiva.
- C) O dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.
- D) O dereito á protección da saúde.